



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTEOITO DE XULLO DO ANO DOUS MIL SETE.**

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteoito de xullo do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ó existir quórum suficiente ó contar coa asistencia dos seguintes conselleiros/as:

D. Manuel Paz León.  
D. Tomás Fernández González.  
D. Benito Vázquez Vázquez.  
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado  
Dna. María Belén González González  
D. Jesús Deibe Fernández Simo.  
D. Cayetano Carballo Suárez.  
D. Francisco Veloso González, que se incorpora unha vez iniciada a sesión no momento sinalado na presente acta.

Actúa como Secretaria, a Secretaria accidental da Corporación Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Non asisten os concelleiros D. Antonio Estévez González e Juan Benito Alvarez Pacheco.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA SETE DE XULLO DO 2007.**

Téndose remitido ós Sres/as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data sete de xullo do ano dous mil sete, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, D. Benito Vázquez Vázquez, sinala que o seu grupo se absterá na votación porque non assistiu á citada sesión.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data sete de xullo de dous mil sete, resultou aprobada co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

**VOTOS A FAVOR:** Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González , Fernández Simo e Carballo Suárez (cinco votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sr./as Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado e González González (tres abstenciós).

Polo que a sesión plenaria extraordinaria celebrada en data sete de xullo do ano dous mil sete resultou aprobada polo voto favorable da **MAIORÍA SIMPLE DOS MEMBROS CORPORATIVOS PRESENTES**.

### **PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Por parte do Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, se procede a examinar a carpeta que contén os Decretos da Alcaldía, sinalando que os examinará mais detidamente e se lle xorde algunha dúbida a preguntará no seguinte Pleno no apartado de rogos e preguntas.

### **PUNTO TERCEIRO: TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO PRESENTADO POR D. JUAN BENITO ÁLVAREZ PACHECO.**

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que trátase dunha decisión persoal.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que agora trátase de cumpri-lo procedemento legalmente establecido., xa que debe tomarse coñecemento do citado escrito de renuncia e oficiar á Xunta Electoral de Zona ós efectos de que proceda á expedición de credencial de concelleiro electo a favor do candidato que conste no seguinte lugar na lista electoral correspondente ó PSdeG-PSOE, correspondendo a cobertura da vacante a D. Fernando Rodríguez Broullón.

Os membros corporativos presentes toman coñecemento do escrito de renuncia ó cargo de concelleiro presentado por D. Juan Benito Alvarez Pacheco.

### **PUNTO CUARTO: APROBACIÓN INICIAL CARRETERA VALOIRO.**

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, quere saber qué é o que se leva agora a aprobar: a aprobación da carretera ou a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación, xa que no actual non se pode facer a carretera. Termina a súa intervención sinalando que neste intre o Concello debe aprobar a modificación do Plan Xeral de Ordenación.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde-Presidente explica que segundo o Arquitecto Municipal non é necesaria a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación, sendo suficiente a aprobación dun Plan Especial de Infraestructuras

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que non está en contra de ningún investimento na zona, pero entende que a política está para satisfacer o interese xeral da cidadanía e non para beneficiar intereses particulares en prexuízo dos xerais, como acontece no presente suposto. Quere que conste en acta que o seu grupo non vai participar en ningunha cacicada e que este proceso está viciado dende o inicio, existindo uns intereses da Deputación Provincial en realizar esta obra, dando largas a outras obras como o acceso ás parroquias de Grou e San Paio e que agora se está a presionar no senso de dicir que se non se vota a favor os cartos se teñen que devolver a Europa, xa que son fondos FEDER. Continúa a súa intervención sinalando que o seu grupo vai reivindicar con todos os medios dispoñibles que as parroquias de Grou e San Paio teñan unhas comunicacións axeitadas e que un voto favorable a este punto supón que se van atrasar as citadas obras, xa que soamente existe un compromiso verbal de Baltar, negándose este a asinar un compromiso por escrito. Termina a súa exposición sinalando que por todas as razóns expostas, o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, explica que a carretera de Grou está incluída nos Plans Provinciais, faltando o remate da cuarta fase no caso de Grou e que no caso de San Paio va a facerse por tramos, tendo interese o Presidente da Deputación Provincial en incluír esta carretera nos Plans Provinciais do ano que ven. Continúa a súa exposición indicando que o equipo de goberno anterior non estivo sempre a favor desta carretera, estando a favor sempre que se rematasen as obras das carreteras de Grou e San Paio, que é posible que se trate dunha cacicada pero que esta carretera costa uns setecentos mil euros, incluída a ponte, e que cando era Alcalde deste Concello manifestou á Deputación Provincial que non estaba en contra da mesma sempre que despois continuase ata Grou. Finaliza a súa intervención sinalando que o seu grupo está de acordo pero entende que a urxencia que pretenden darlle non ten razón de ser, vistas as necesidades existentes e antes descritas e que non lle parece ben perder este diñeiro.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que está de acordo co dito polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG e que intentou negociar co Presidente da Deputación Provincial para acadar outros obxectivos, como a carretera de Grou, respostando Baltar que este compromiso non se podía plasmar por escrito porque nese intre estaba en funcións. Continúa a súa exposición explicando que trátase de diñeiro europeo que voltará á Europa se non se aproba este punto e que pode xerar moitos postos de traballo, saíndo beneficiados os veciños de Valoiro e podendo esta carretera ter continuidade a outros lugares. Finaliza a súa exposición sinalando que o rechazo deste punto podería da lugar a por en contra á Deputación Provincial.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que o diñeiro europeo é público tendo Galicia e a Deputación Provincial unhas asignacións que van voltar a repercutir aquí, discrepando no relativo



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

á perda deste diñeiro se non se aproba este punto. Indica que o Presidente da Deputación Provincial non tivo interese en invertir en Lobios os fondos FEDER, sendo un problema de falla de interese xeral xa que dúas das parroquias mais grandes deste Concello están en moi mal estado, existindo dificultade para acceder ás mesmas con trallers e camións. Volve repetir que trátase dunha cacicada, que unicamente existen palabras e que non se pode aceptar ningunha chantaxe política como no presente suposto, polo que para o BNG a palabra de Baltar non ten credibilidade, podendo na actualidade asinar por escrito o compromiso antes referido porque agora xa non está en funcións.

Sendo as once horas e trinta e cinco minutos, se incorpora á sesión ó Concelleiro Sr. Veloso González.

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, termina a súa intervención explicando que non sabe nada da continuación desta carretera ata Grou e que é un problema de planificación, sendo o mellor que se devolva o diñeiro a Europa e que posteriormente se invirtan en razóns de interese xeral dirixidas á cobertura das necesidades primarias.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que está de acordo co Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, salvo no relativo a que os cartos vaian de novo a invertirse en Lobios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que si se aunan todas as forzas políticas do Concello, poderíase presionar a Baltar para facer unha mellor planificación.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que agora trátase de decidir si ese diñeiro volta ou non a Europa.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que está de acordo tanto co Sr. Lamela Bautista como co Sr. Fernández Simo e que o seu grupo votará a favor para non perde-los cartos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, comeza desculpándose pola súa tardanza e sinala que alédase de que cada ún estea sentado no seu lugar e que o Sr. Fernández Simo siga a defender a súa postura. Continúa a súa intervención preguntando sobre a constancia no expediente dos informes técnico e xurídico.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta á Sra. Secretaria sobre os citados informes, respostando a mesma que o descoñece xa que non tivo acceso ó expediente.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que non sabe da existencia destes informes e que o Arquitecto municipal lle informou que neste intre so é necesario a aprobación inicial segundo o disposto no artigo 10 da Lei de Carreteras.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, sinala que o seu voto a favor depende da existencia no expediente dos citados informes.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vazquez Vázquez, Yáñez Salgado e González González (seis votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres. Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González. (tres votos en contra).

Polo que a presente proposta resultou aprobada co voto favorable da **MAIORÍA ABSOLUTA DO NÚMERO LEGAL DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

### **PUNTO QUINTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 4/2007 CONSISTENTE NUNHA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Visto o expediente de modificación de crédito consistente nunha Transferencia de crédito nº 4/2007, vistos os artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais e os artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril,*

#### **PROPOÑO Ó PLENO CORPORATIVO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO**

1. A aprobación do expediente de Transferencia de crédito nº 4/2007 por un importe de **SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (7.265,17 €)** segundo o cadro que se adxunta:

#### **SUPLEMENTOS**

<b>PARTIDA ORZAMENTARIA</b>	<b>CONSIGNACIÓN ANTES DE ESTE EXPEDIENTE</b>	<b>AUMENTO QUE SE PROPÓN</b>	<b>TOTAL CONSIGNADO RESULTANTE</b>
31-131	0,00	4.998,24	4.998,24
31-160	0,00	1.666,93	1.666,93
31-231	0,00	600,00	600,00
<b>TOTAL SUPLEMENTO</b>		<b>7.265,17</b>	<b>7.265,17</b>

#### **BAIXAS**



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

<b>PARTIDA ORZAMENTARIA</b>	<b>CONSIGNACIÓN ANTES DE ESTE EXPEDIENTE</b>	<b>BAIXA QUE SE PROPÓN</b>	<b>TOTAL CONSIGNADO RESULTANTE</b>
12-226	24.000,00	7.265,17	16.734,83
<b>TOTAL BAIXA</b>		<b>7.265,17</b>	<b>16.734,83</b>

2. *Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións.*
3. *No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debéndose cumprir o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”*

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que o fundamento desta modificación orzamentaria é a incorrecta elaboración do orzamento municipal, xa que no estado de ingresos aparecen subvencións que non ten o seu reflexo no estado de gastos, como acontece no caso da subvención do Plan Concertado, concedéndose dentro da mesma a este Concello unha subvención para a contratación dun asistente social, sendo necesario facer esta modificación para proceder á súa contratación.

Sometida esta proposta a modificación resultou aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (nove votos a favor).

Polo que a presente proposta resultou aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros corporativos presentes.

### **PUNTO SEXTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS**

Non se presentaron.

### **PUNTO SÉTIMO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que o seu grupo non formula ningún rogo nin pregunta.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, formula os seguintes

**Primeiro** -. Cando teñen pensado traer as gardas médicas para Lobios?.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, que tivo unha entrevista co Delegado de Sanidade e estase en vías dunha solución que comentará cando a negociación estea mais avanzada.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que no compromiso asinado polas dúas forzas políticas indícase que estará solucionado en decembro.

**Segundo** -. O pobo de Lobios non está preparado para a extinción de ningún incendio, polo que solicita o Sr. Veloso González un coche contra incendios ou, en caso de emerxencia, preparar unha escaleira grande para poder evacuar á xente.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que toma nota destas interesantes indicacións.

Concedida a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Paz León, explica que fai uns días incendiouse o Centro de Saúde e a súa extinción foi satisfactoria e que estase a estudar un cambio en Protección Civil, buscando a súa profesionalización.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, aproveita a ocasión para felicitar a Protección Civil.

Concedida a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Paz León, sinala que tamén fixeron outros traballos interesantes como desbroces de camiños.

**Terceiro**-. O Concello de Lobios cedeu gratuitamente o balneario nun procedemento de dudosa legalidade. O Sr. Veloso González solicita que por parte deste novo goberno se frene este pelotazo e que se trate de facer un documento cos donos da fundación para por a disposición de forma gratuíta determinados m<sup>3</sup> para o seu uso público, rogando que este asunto se solucione o antes posible, xa que isto é o que quere o pobo.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que tivo un contacto coa Fundación San Rosendo e espera que se solucione este tema dunha forma positiva, existindo xa un escenario diferente.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que a negociación vaise a estender probablemente durante moitos meses, sendo a pretensión do concello dispor na próxima tempada dunhas boas instalacións.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que é partidario que se resolva este asunto de forma pacífica.

**Cuarto**-. Vaise limpar as manchas de chapapote producidas en varias vivendas pola utilización de chapapote polo anterior grupo de goberno en épocas electorais?.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Paz León, explica que falouse coa empresa que fixo a obra e esta confirmou que existen persoas afectadas, mandando a citada empresa un líquido para limpa-lo chapapote, pasando posteriormente a motobomba, quedando todavía manchas.

**Quinto-**. Para paliar os problemas de aparcamento, solicita que se utilice a zona existente detrás do Restaurante “Lusitano”, iluminándose correctamente.

**Sexto-**. Para intentar realza-lo turismo, solicita a colocación nos puntos históricos dunha luz.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que existe un problema de aparcamento.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, sinala que este argumento utilizouse por un concelleiro aquí sentado.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que vai ter unha reunión co Subdelegado de Goberno e con Tráfico.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se está a buscar unha solución en Siera para aparcarse en batería, ampliando significativamente o número de prazas de aparcamento. Finaliza a súa exposición sinalando que a reparación das agresións feitas na ponte de abaixo ten un coste moi elevado, razón pola que vai levar moito tempo.

E non habendo mais asuntos a tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e dez minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.

O Presidente

A Secretaria-Interventora

Asdo: José Lamela Bautista

Asdo: Beatriz Díaz Rodríguez